

Discurso do alcalde, Xulio Ferreiro, no acto de homenaxe a Domingos Merino

No seu discurso de investidura como alcalde, Domingos Merino dixo que A Coruña debía ser un Faro para Galicia. O que non contou é que foi el quen acendeu a súa luz. Domingos chegou a este Concello, despois de 40 anos de escuridade, tomando o relevo do último rexedor elixido por vontade popular: Alfredo Suárez Ferrín, asasinado no Campo da Rata por aqueles que hoxe, máis que nunca, non merecen nin ser citados nesta Casa, que Domingos volveu a abrir á cidadanía, que fixo de Todos e de Todas.

Non hai dor máis grande que deixar marchar a aquelas persoas que nos fan ser mellores. Hoxe despedimos a Domingos, un home que deixa tras de si a pegada de quen loitou por transformar A Coruña nun lugar máis xusto e igualitario, nunha cidade da que sentímonos orgullosas. Un alcalde que democratizou á cultura, que defendeu dereitos e liberdades, que dou á cidadanía voz e espazo na institución... Hoxe despedimos a Domingos Merino mais, afortunadamente, a luz que nos deu segue alumeando, intensamente, no Faro.

Hoxe, na Casa de Todos e de Todas, no salón onde, con Domingos, os plenos comezaron a celebrarse pola tarde para facilitar a participación da veciñanza, despedimos a un home que, igual que fixeron décadas atrás as Irmandades da Fala nesta mesma cidade, sementou mentes e difundiu progreso. El, que lle falou á xente coa súa voz e a súa lingua, foi primeiro entre os iguais. Un alcalde que, entendido como un intruso para os poderes establecidos, nunca deixou de ser un veciño de Monte Alto. Nunca deixou de ser xente do común.

Domingo marcha cedo do noso lado, igual que cedo marchou de entre estes muros. El, que foi e é A Coruña Popular; el, que entendeu o urbanismo non como depredación senón como solución; el, que sempre defendeu a necesidade de tecer

alianzas pensando no ben da cidade, abandonou esta institución obrigado por unha unión que non se levantou sobre o ben común, senón sobre a ambición.

Hoxe Domingos regresa á Casa que comezou a transformar. Hoxe dicímoslle adeus orgullosos do traballo feito e, sobre todo, agradecidos e agradecidas polas portas que abriu, que xa ninguén poderá volver a pechar. Hoxe somos conscientes, máis que nunca, da súa vitoria.

O ex alcalde marcha deixándonos a Luz, e nós, todos e todas, estamos obrigadas a manter a súa voz, a continuar a partida que comezou nun taboleiro complicado, no que o que queremos é protexer aos peóns na vez de enrocar reis.

Teño comigo na Alcaldía, dende o verán de 2015, dúas fotos de Domingos como alcalde, que recibín por aquelas datas da man do seu compañeiro de vida. Sempre lles estarei agradecido polo seu agarimo. Por lembrarnos que os días alegres e históricos son aqueles nos que as maiorías sociais recuperan a ilusión e a dignidade.

Que a terra te sexa leve, alcalde.